



AND  
**LINDA FREDDY**  
ILUSIONISTAS



**Luma Gómez**  
**Eduardo Alonso**

con **Lino Braxe** e **Alejandro Carro**

Texto e dirección **EDUARDO ALONSO**

Unha produción de Teatro do Noroeste

*Linda and Freddy, ilusionistas*, é un espectáculo comprometido coa realidade máis actual e complexa: A crise que domina Europa. Pero esta realidade transfórmase rapidamente. Agora parece que o caos está máis próximo, que estamos máis cerca do abismo. Con respecto a esa situación, digamos, externa, *Linda and Freddy, ilusionistas*, sitúase despois do caos, a outra banda do que vaia acontecer. Xa non somos Europa, somos o caos e a revolta constante. A iso levou a política dos líderes europeos, a transformar Europa nun campo de batalla onde os saqueos, as manifestacións desorganizadas, os incendios provocados, os asaltos están á orde do día. As persoas de ben non queren saír das súas casas, e quen se aventura a facelo, arríscase a non volver, a ser asaltado ou a perecer nas constantes revoltas nas rúas. *Linda and Freddy, ilusionistas*, presenta un panorama externo desolador pos – crise. E pechados na súa casa, tentando estar a cuberto do que acontece nas rúas, están as personaxes desta obra, Linda e Freddy, nunha casa na que lle cortaron todo, a luz, o teléfono, mesmo case o aire para respirar, alí agochados, sen atreverse a saír máis que para realizar a pequena compra diaria das súas provisións.

Pois, parece ser, que Linda e Freddy formaron unha famosa parella de ilusionistas que recorreron os teatros de Europa cos seus espectaculares trucos de maxia e os seus números de variedades. Agora, posiblemente retirados á forza, agardan unha chamada que os contratará de novo para xirar polos grandes circuítos europeos e mundiais. Soñan cunha xira por Rusia, único país que queda onde un traballo como o seu é recoñecido e admirado.

Na súa espera sen fundamento, agochados nunha estancia case en ruínas, os dous artistas rememoran os seus supostos momentos de gloria pasada. E rememorando aqueles momentos reinterpretan, agora xa sen facultades, os mellores números da súa vida. Uns números cheos de cancións, xogos de maxia e variedades múltiples.

Segundo progresa o espectáculo, as personaxes comezan a decatarse que nunca recibirán a chamada tan agardada que os sacará da miseria, caen na conta de que agardan algo que nunca chegará, entón deciden preparar o seu número máis importante, a súa máis celebrada actuación. Un espectacular número de maxia dunha das súas brillantes especialidades, o escapismo. Pero en vez de facer desaparecer a súa axudante, a el mesmo, Freddy e Linda teñen a idea máis grande de todas as ideas, a idea nai. Van facer desaparecer ao resto do mundo.

Loxicamente este obra fala da situación actual e aparentemente sen saídas da sociedade europea, especialmente da Europa mediterránea, pois, se cadra, Grecia irá a peor e España e posiblemente Italia seguirán os seus pasos. A saída terá que ser moi imaxinativa e posiblemente o futuro está á beira da cultura e o coñecemento e non á beira dos cartos, os bancos e a riqueza material.

*Linda and Freddy, ilusionistas*, es un espectáculo comprometido con la realidad más actual y compleja: La crisis que domina Europa. Pero esta realidad se transforma rápidamente. Ahora parece que el caos está más próximo, que estamos más cerca del abismo. Con respecto a esa situación, digamos, externa, *Linda and Freddy, ilusionistas*, se sitúa después del caos, al otro lado de lo que va a acontecer. Ya no somos Europa, somos el caos y la revuelta constante. A eso ha llevado la política de los líderes europeos, a transformar a Europa en un campo de batalla donde los saqueos, las manifestaciones desorganizadas, los incendios provocados, los asaltos están a la orden del día. Las personas de bien no quieren salir de sus casas, y quien se aventura a hacerlo, se arriesga a no volver, a ser asaltado o a perecer en las constantes revueltas en las calles. *Linda and Freddy, ilusionistas*, presenta un panorama externo desolador pos – crisis. Y encerrados en su casa, tratando de estar a cubierto de lo que acontece en las calles, están los personajes de esta obra, Linda y Freddy, en una casa en la que les cortaron todo, la luz, el teléfono, incluso casi el aire para respirar, allí escondidos, sin atreverse a salir más que para realizar la pequeña compra diaria de sus provisiones.

Pues, parece ser, que Linda y Freddy formaron una famosa pareja de ilusionistas que recorrieron los teatros de Europa con sus espectaculares trucos de magia y sus números de variedades. Ahora, posiblemente retirados a la fuerza, esperan una llamada que los contratará de nuevo para girar por los grandes circuitos europeos y mundiales. Sueñan con una gira por Rusia, único país que queda donde un trabajo como el suyo es reconocido y admirado.

En su espera sin fundamento, escondidos en una estancia casi en ruinas, los dos artistas rememoran sus supuestos momentos de gloria pasada. Y rememorando aquellos momentos reinterpretan, ahora ya sin facultades, los mejores números de su vida. Una números llenos de canciones, juegos de magia y variedades múltiples.

Según progresa el espectáculo, los personajes comienzan a percatarse de que nunca recibirán la llamada tan esperada que los sacará de la miseria, caen en la cuenta de que aguardan algo que nunca llegará, entonces deciden preparar su número más importante, su más celebrada actuación. Un espectacular número de magia de una de sus brillantes especialidades, el escapismo. Pero en vez de hacer desaparecer a su ayudante, a sí mismo, Freddy y Linda tienen la idea más grande de todas las ideas, la idea madre. Van a hacer desaparecer al resto del mundo.

Lógicamente esta obra habla de la situación actual y aparentemente sin salidas de la sociedad europea, especialmente de la Europa mediterránea, pues, quizás, Grecia irá a peor y España y posiblemente Italia seguirán sus pasos. La salida tendrá que ser muy imaginativa y posiblemente el futuro está al lado de la cultura y el conocimiento y no del lado del dinero, los bancos y la riqueza material.

# LINDA AND FREDDY, ILUSIONISTAS

de Eduardo Alonso

Linda.....Luma Gómez  
Freddy.....Eduardo Alonso  
Locutor.....Lino Braxe  
Presidente.....Alejandro Carro

Diseño de Escenografía.....Equipo Taetro  
Diseño de Vestiario.....Equipo Taetro  
Diseño de Iluminación.....Eduardo Alonso  
Canción de Linda.....Bernardo Matínez

Servizo técnico.....RTA (Recuroso Técnico Artísticos)  
Fotografía.....Tino Viz (Margen Fotografía)  
Gravación de voces..... RNE en A Coruña

Colaboración na dirección.....Imma Antón  
Dirección.....Eduardo Alonso



**Teatro do Noroeste**

[www.teatrodonoroeste.com](http://www.teatrodonoroeste.com)

[correo@teatrodonoroeste.com](mailto:correo@teatrodonoroeste.com)

Ameixenda - A Folgueira, 10

15870 AMES (A CORUÑA)

Tfnos.: 981 898731 - 629 814 297

Espectaculo subvencionado por

